



## RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

**Asunto: Cesamento de funcionaria interina administrativa por acumulación de tarefas.**

**Expediente: 2022/G003/000141 Expediente orixe: 2022/X999/000161**

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Ao abeiro do disposto nas bases que rexen o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para a provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativo/as no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña (BOP nº5 de data 11.01.2021), en data 28/12/2022 procédese ao chamamento de dona Mónica Osinde Vázquez con DNI \*\*\*0699\*\* para tomar posesión como Administrativa do grupo C1, cun nomeamento de acumulación de tarefas por un período de 9 meses, manifestando a súa aceptación no mesmo acto e tomando posesión do dito posto o 03/01/2022

Con data 04/05/2022 mediante escrito con rexistro de entrada da sede electrónica número 202299900000178 , manifesta a súa renuncia ao posto.

Logo de ver o exposto, procede a aceptación da renuncia achegada e en consecuencia a sinatura da correspondente acta de cese do funcionario interino, con data do cese a de fin da xornada do 04/05/2022.

Por todo o anterior e ao abeiro do disposto no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

### RESOLVO :

**PRIMEIRO.-** Aceptar a renuncia expresa e en consecuencia cesas a dona Mónica Osinde Vázquez con DNI \*\*\*0699\*\* como funcionario interino, administrativo do grupo C1, previa sinatura da correspondente acta con data de cese a fin da xornada do 04/05/2022.

**SEGUNDO.-** Facer público este acordo no Taboleiro de anuncios do Consorcio, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio.

**TERCEIRO.-** Dar traslado da mesma aos servizos de Secretaría-Intervención e nóminas á persoa interesada.

**CUARTO.-** Notificar esta resolución ao interesado.

**QUINTO.-** Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

En Carballo, na data que figura na sinatura dixital

O presidente,  
Asdo.: Valentín González Formoso

A Secretaria Interventora,  
Asdo.: M<sup>o</sup> Graciela Riveiro Moreira